



# INFORMA

## **OS TRABALLADORES DA XUSTIZA GALEGA, AVALADOS POLA FIRMA DO SINDICATO MAIORITARIO, SPJ-USO, LOGRAN TER A PRIMEIRA CARREIRA PROFESIONAL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA A NIVEL NACIONAL. É UNHA REALIDADE!!! FIRMADO O ACORDO!!! 10-6-2020**

O día 13 de marzo tivemos reunión da MESA SECTORIAL DE XUSTIZA coa Xunta de Galicia, conforme a avance informativo que fixemos antes de decretarse o estado de Alarma.

Pois ben, conforme vos temos explicado, e a pesares das desinformacións e paus nas rodas de “algúns”, demóstrase que a **CARREIRA PROFESIONAL** é o punto do acordo de 23-5-2018 mais importante de todos cantos se firmaron, a pesar da importancia dos demais obxectivos acadados.

Tras un ano e medio de traballo, presión para sacar a nosa Carreira Profesional adiante e cordura, logramos firmar un **ACORDO** que consideramos “**MAGNÍFICO**”.

Pois ben, poñémonos en antecedentes; tal como vos informamos no seu día, con carácter previo ó 13 de marzo, a tódolos sindicatos da Xustiza galega, independentemente de estar ou non na comisión de seguemento do acordo, déusenos traslado do borrador de carreira profesional para alegacións, borrador ó que os sindicatos agora firmantes presentamos cada un as súas alegacións, acollendo a administración parte das mesmas. Cónstanos que non tódolos sindicatos cumpriron coa súa obriga, e algúns nin alegacións presentaron, e entendemos que debedes de coñecer esa realidade. Alá cada un coa súa conciencia....

Tamén debemos informar que á xuntanza de 13 de marzo (anterior a decretarse o estado de alarma) **acudimos os seguintes sindicatos: SPJ-USO, STAJ, UGT, CIG e CCOO, non acudindo CSIF** por non ter actualmente representación, **nin CUT**, a pesar de ter representación, pero manifestando “*non acudir polo risco do COVID-19*”, cando na dita data tódolos traballadores deste país estaban cumprindo as súas obrigas laborais”. Evidentemente nós acudimos á cita a defender os dereitos de tódolos traballadores da xustiza galega.

Xa na mesa, a administración deunos traslado dun novo borrador, ó que tras un receso, algúns fixemos oralmente novas alegacións, mentres outros seguiron a “poñer paus nas rodas”. Parte das alegacións que alí fixemos, algúnhas de máxima importancia como logo detallaremos, tamén foron acollidas, e tras un novo receso, a administración deunos traslado dun **último e definitivo borrador de acordo, no que conseguimos o seguinte:**

1. Conforme ó acordo firmado por SPJ-USO, ó que se uniron UGT e CCOO, **a xustiza galega será a primeira comunidade a nivel nacional en ter unha verdadeira “CARREIRA PROFESIONAL”**, que mellora, en moitas condicións, algo “similar á carreira”, que é o que teñen en Valencia.
2. **Logramos salvar os obstáculos que coa axuda de dous sindicatos se puxeron en Madrid para o desenvolvemento a nivel autonómico da Carreira Profesional**, conforme ó disposto no artigo 519 da LOPJ, co fin de poder “vender” a todo o territorio nacional que a Carreira Profesional a conseguirán “eles” en Madrid. (Tedes á vosa disposición as alegacións feitas á Carreira Profesional, na modificación da LOPJ).
3. **Logramos que a Carreira Profesional da Xustiza galega se comece a cobrar XA, e incluso con efectos retroactivos a data 1 de xaneiro de 2020.**
4. **Logramos que, de aprobarse algún día (as milagres existen...) a Carreira Profesional por Real Decreto do Ministerio, a nosa carreira quedará subsumida na nova Carreira, non obstante:**

**Garántense os dereitos adquiridos para a Xustiza galega e polo tanto:**

- De mellorarse as condicións no RD, mellorarásenos tamén a nós.
- De empeorarse as condicións, manterásenos as nosas condicións.

5. Para os que “se opoñen ou din oponerse” á nosa carreira, conseguimos que a nosa Carreira sexa **VOLUNTARIA**, non estando obrigado ninguén a acollerse á mesma.
6. Queda garantido por escrito que ademais de Forenses, Xestores, Tramitadores e Auxilios titulares, **ós interinos aplicaráselle o sistema de carreira profesional.**
7. Teremos **4 grados de carreira** profesional, o grao inicial, sin retribución económica, e 4 grados, ós que os funcionarios de novo ingreso accederán cunha permanencia no grao anterior de **5,6,6 e 7 anos.**

**Para os funcionarios que xa temos a antigüidade, conseguimos que se establezan accesos extraordinarios**, sen ter que esperar á dita permanencia no grao anterior.

8. Cada grao, cada un deles (non os catro xuntos como cría algún sindicato, e na propia mesa se lle explicou para que non seguirá malinformádevos) suporá:

- **Forenses: 2.515,68 euros/ano por cada grao**
- **Xestores: 1.760,64 euros/ ano por cada grao.**
- **Tramitadores: 1.135,44 euros/ano por cada grao.**
- **Auxilios: 963.72 euros/ano.**

- As ditas cantidades divídense en **12 pagas, e actualízanse anualmente** coa porcentaxe de suba que se estableza para as retribucións anuais.

9. Logramos que **ós Xestores en excedencia por exercer función de Letrado substituto, se lle recoñeza o tempo en excedencia cando reingrese no seu posto de Xestor.**
10. Logramos que **cando un funcionario promociona, o tempo traballado no corpo inferior se lle recoñeza íntegramente no corpo superior para os efectos da Carreira.**
11. Logramos un sistema de **ACCESO DIRECTO Ó GRADO 1**, coa simple condición de **levar 5 anos traballados a data 31-12-2019.**
12. Logramos un sistema de **ACCESO DIRECTO Ó GRADO 2 con efectos para 2022/23 (dependendo do corpo), coa simple condición de ter o grao 1 recoñecido, e 11 anos de antigüidade.**
13. Logramos que **os requisitos de acceso ó grao 2, sexan os mesmos que para o 1.**
14. Logramos un sistema de **ACCESO DIRECTO Ó GRADO 3**, para que no segundo semestre de 2024/26 (dependendo do corpo), se poida acceder ó **grao 3** co requisito de **ter 17 anos de antigüidade.**
15. Logramos que **calquer mellora na Carreira Profesional que se acorde para a Xunta de Galicia, queda establecida que é aplicable á Xustiza Galega.**

**16. IMPORTANTE: LOGRAMOS QUE A CARREIRA PROFESIONAL SE PAGUE COMO ENGADIDO Ó CAT, PERO EN APARTADO DA NÓMINA INDEPENDENTE, POLO QUE NON AFECTARÁ Á CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL DO ACORDO DE 23-5-2018 QUE DEBE PORSE EN MARCHA NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2020.**

**17. IMPORTANTE: LOGRAMOS QUE OS CURSOS QUE COMPUTAN PARA A CARREIRA PROFESIONAL, NON SE LIMITEN A UNHA ANTIGÜIDADE MÁXIMA, E APLICARASE POLO TANTO O SEGUINTE BAREMO:**

- **Grado 1: 40 horas de formación, independentemente da antigüidade do curso.**

- Grado 2: Multiplicamos por 2 (40x2=80 horas) independentemente da antigüidade dos cursos.
- Grado 3: Multiplicamos por 3 (40x3=120 horas) independentemente da antigüidade dos cursos.
- Coa única limitación de que os cursos que se computen para un grado, non poderán volver a computarse para a suma das horas do seguinte grado.

Constituírase unha comisión de seguemento para a negociación e desenvolvemento da carreira profesional, na que estaremos os firmantes do acordo: SPJ-USO, UGT e CCOO.

A carreira profesional supón a posibilidade de avanzar, profesional e retributivamente, sen necesidade de cambiar de posto nin corpo, como recoñecemento á experiencia profesional, coñecemento e compromiso mostrados polo traballador durante a súa vida laboral, e está dividida en:

- **GRADO INICIAL** que vai desde o inicio como funcionario ata os 5 anos; este grado non ten asignación económica.
- **GRADO 1** recoñecido **DENDE** o 5º ano de servizos prestados.
- **GRADO 2** recoñecido cunha permanencia no grado anterior de **6 anos**.
- **GRADO 3** recoñecido cunha permanencia no grado anterior de **6 anos**.
- **GRADO 4** recoñecido cunha permanencia no grado anterior de **7 anos**.

## A CARREIRA PROFESIONAL ECONÓMICAMENTE:

% ANUAL	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027
FORENSES	20%	66.6%	100%	25%	50%	75%	100%	25%
XESTORES	22%	66,6%	100%	25%	50%	75%	100%	25%
TRAMITADORES	33%	100%	33,3%	66,6%	100%	33,3%	66,6%	100%
AUXILIOS	33%	100%	33,3%	66,6%	100%	33,3%	66,6%	100%
€ MES A MES	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027
FORENSES	41.92	139.62	209.64	262.05	314,46	366.87	419,28	471,69
XESTORES	32,27	97.71	146.72	183.4	220,08	256.76	293,44	330,12
TRAMITADORES	31.22	94.62	126.12	157,63	189,24	220,74	252,25	283,86
AUXILIOS	26.50	80.31	107.05	133,79	160,62	187,36	214,10	240,93

- Lembramos que da proposta da última mesa, a esta proposta definitiva, logramos pasar no primeiro ano 2020 do 10 ó 20 % para os Forenses, do 10 ó 22 % para os Xestores, e do 20 ó 33% para os Tramitadores e Auxilios.

### O ANTERIOR ACORDO FOI AVALADO POLOS SINDICATOS SPJ-USO, UGT e CCOO.

- STAJ opúxose ó acordo por “non entendelo”, mais aínda poden sorprendernos... Din que o acordo é mellorable (neso estamos todos dacordo...), e din que para firmar o acordo, no seu caso debían pedir permiso ó sindicato nacional. En fin...
- CIG opúxose ó acordo alegando que “se tiña que ter firmado antes”.
- CUT non asistiu á xuntanza para así ter excusa para non apoiar o acordo.

Esa é a realidade, cadaquén ten dereito a decidir por quén se sente representado... e quén quere que defenda os seus dereitos.

Dende o sindicato maioritario SPJ-USO como firmante e pioneiro na Carreira profesional, non podemos mais que celebrar un ACORDO HISTÓRICO na LOITA POLOS NOSOS DEREITOS!!!

**A VOSA LOITA E O VOSO TRABALLO, CON SERIEDADE, DA FROITOS!!!**